

ADDENDA Nº 1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA E A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS PARA A EXECUCIÓN DUN EDIFICIO DE SERVIZOS DA ESTRUTURA FLOTANTE PARA ACTIVIDADES NAÚTICO-DEPORTIVAS NA ZONA DO PARROTE NO PORTO DA CORUÑA.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, María Martínez Allegue, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Martín Fernández Prado, na súa condición de presidente da Autoridade Portuaria da Coruña, actuando no seu nome e representación, en uso das facultades que ten atribuídas, en virtude da Orde da Consellería do Mar do 20 de novembro de 2020 pola que se dispón o seu nomeamento e en función das atribucións que ten conferidas no artigo 31 do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de portos do Estado e da mariña mercante.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

O 1 de agosto de 2025 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Autoridade Portuaria da Coruña para a construción dun edificio de servizos da estrutura flotante para actividades náutico-deportivas na zona do Parrote no porto da Coruña.

O orzamento necesario para a construción do edificio estimase en 378.016,40 IVE non engadido.



A Axencia Galega de Infraestruturas comprometeuse na cláusula cuarta a financiar a actuación, ata un máximo de trescentos setenta e oito mil dezaseis euros con corenta céntimos (378.016,40 €) con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.703.0, código de proxecto 2025 00003, dos seus orzamentos, de acordo coa seguinte distribución:

- Ano 2025: 100.000,00 €. IVE non incluído
- Ano 2026: 278,016,40 €. IVE non incluído

Con data 22 de outubro de 2025 a Autoridade Portuaria da Coruña solicita unha addenda para modificar a cláusula referente ao investimento da axencia e a súa distribución en anualidades. Basea a súa solicitude en que aínda non rematou o proceso de adxudicación das obras polo que é inviable xustificar o investimento previsto para 2025 e propoñen transferir o seu importe á anualidade 2026.

Entendendo as partes que as condicións que motivaron a sinatura do convenio son plenamente vixentes e os seus obxectivos son invariables no tempo en consecuencia,

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio citado, co fin dar unha nova redacción as cláusulas cuarta, referente aos compromisos da axencia, e undécima, vixencia do convenio. En ambas suprímese o investimento previsto para 2025. E modificar a redacción das últimas cinco liñas da cláusula quinta, xustificación e pagamento, para suprimir as referencias á anualidade 2025 manténdose no resto a redacción orixinal.

Cuarta. Compromisos da Axencia Galega de Infraestruturas

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar as obras, destinando para iso ata un máximo de trescentos setenta e oito mil dezaseis euros con corenta céntimos (378.016,40 €), IVE non incluído, con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.703.0, código de proxecto 2025 00003, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas para 2026.



Quinta. Xustificación e pagamento

Modifícase a parte final da cláusula coa seguinte redacción:

Serán subvencionables os gastos de execución das obras. A data límite para a xustificación destes gastos é o 10 de decembro.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada.

Undécima. Vixencia do convenio.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2026 nas condicións establecidas na cláusula quinta.

E, para que así, conste e en proba de conformidade asinan electronicamente o presente documento.

A Presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, María Martínez Allegue

O presidente da Autoridade Portuaria da Coruña, Martín Fernández Prado

